

luns de jazz No Reply

Banda Madrileña que se fundou no ano 2000 cunha proposta que revolucionou a cidade de Madrid durante a primeira década do novo milenio a ritmo de swing desenfreado, case “punk-swing”. En 2013 deciden tomarse un descanso que durou oito longos anos. Agora, No Reply volve cun novo disco debaixo do brazo: “El Invierno Más Largo”, que ve a luz en marzo de 2022 e que fará que a banda volva a “swingear” os escenarios de todo o noso país. Unha gran noticia para os románticos amantes do swing e a música negra, pero sobre todo para calquera persoa que queira pasalo ben nun concerto. Volve No Reply.



2022
IXXZZAZZXXI
luns de jazz
burgos

Aula da Natureza
Juan Lembeye
Xardín Botánico
Ría do Burgo
do 1 ao 4 de xullo
ás 20:30 h.



Rubén fernández "Dous"

Rubén Fernández é un músico especializado na voz, licenciado pola ESMUC en Barcelona, que pasou gran parte da súa carreira no mundo do Jazz colaborando e facendo discos con moitos músicos recoñecidos do panorama actual. No proxecto "Dous" explórase a sonoridade do dúo piano (Sunil López) e voz desde diversas perspectivas interpretativas, coa improvisación e o interplay como elementos esenciais da música.

Pablo SANMAMED Trío

Pablo Sanmamed – contrabaixo e composición, Iago Mourinho- piano, Bruno Couceiro – batería. Comeza a funcionar no 2015 e xa presenta un repertorio integrado por composicións propias. Na súa idea estética prevalecen os compases irregulares mesturados con partes líricas, na que procuran distintos puntos de vista dentro da sonoridade do trío estándar.



Volando Libre

O grupo VOLANDO LIBRE, ou a procura da liberdade a través da arte, "despega" na cidade de Lugo cara ao ano 2002. O "avión" de VOLANDO LIBRE utiliza un combustible especial, perfecta combinación de jazz, música xitana do leste, folk galego e internacional, klezmer, música clásica e ata unha pequena dose de tango arxentino. Alfredo Gómez Sieiro - clarinete, Vadim Yukhnevich - acordeón e voz, Pablo Sanmamed - contrabaixo, Totó Barreiro - guitarra (artista convidado)

Alejandro Vargas Trío



Alejandro Vargas Trío é una formación integrada por Alejandro Vargas (piano), Reynier Aldana (baixo eléctrico e voz) e Carlos Freire Pérez (batería). Na súa proposta en directo, os ritmos estrepitosos e a enerxía indomable da música afrocaribeña contrastan coa sensibilidade que caracteriza ao trío do pianista Alejandro Vargas. Na actual proposta musical atopamos temas onde se recrea a sonoridade do órgano oriental recordando a estética rural dos campos cubanos. Outros temas lévannos ás orixes do blues ou ás cores de Monk.



Zumaque Trío

Zumaque é unha formación integrada por tres músicos establecidos en Compostela cunha longa traxectoria nos seus ámbitos musicais. Forman parte do trío a arpista bretoa Bleuenn Le Fric, , o contrabaixista Alfonso Calvo, , e o clarinetista Pablo Pascual, Zumaque propón un percorrido renovado polos diferentes ritmos da música tradicional cunha absoluta renovación estética, e cun importante espazo para a creación espontánea e a improvisación.

Zafra

Zafra é unha agrupación emerxente fundada a principios de 2018 por Carlos Santos e William Díaz Pozo co obxectivo de materializar as inquietudes artísticas dos músicos que integran actualmente a formación. Isto tradúcese na creación dun repertorio orixinal que abarca diferentes estilos do jazz e da música popular. A agrupación comezou a súa andaina como quinteto instrumental, pero ao pouco tempo incorporou a voz da cantante Diana Tarín.

